- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
 - *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
 - *Denominación:* LMT, CT BOSQUE DESAMPARADOS.
 - *Situación:* Vilagarcía de Arousa.
 - *Descricións Técnicas:* LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ ESTRUCTURADA EN TRES TRAMOS:
 - I.—164 METROS; ORIXE VAR809, ENTRE OS CCTT ARZOBISPO GELMIREZ Nº 19 E DR. TOURON; FINAL LMTS AO CD FEXDEGA.
 - II.—205 METROS; ORIXE LMTS VAR810 (IBESCAS); FINAL CT EXISTENTE R/BOSQUE SEAMPARADOS UNHA VEZ ALIMENTE AO CT PROXECTADO.
 - III.—297 METROS; ORIXE CT AGUSTÍN ROMERO 10; FINAL CT PROXECTADO.
- CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 1.260 KVA (DOSU TRAFOS DE 630 KVA C/U), R.T. 20 KV/400-230 V, SITUADO NA RUA BOSQUE DESAMPARADOS, VILAGARCÍA DE AROUSA.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 24 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013270

Resolución do 24 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de VIGO (Nº expte:IN407A 2010/262-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación:* LMTS CD Urania Mella Serrano.
- *Situación:* Vigo.
- *Descricións Técnicas:* LMT SUBTERRÁNEA 15 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ1 ESTRUCTURADA EN DOUS TRAMOS:
 - TRAMO I.—129 METROS; ORIXE NO TRAMO TR07220038, ENTRE EL CT RAMON NIETO E O CD SEIXO; FINAL NO CD SEIXO.
 - TRAMO II.—1.073 METROS; ORIXE NO TRAMO TR07220011, ENTRE A SUBESTACIÓN TRONCAL E O CT URB. CAMBESSES II; FINAL NA ORIXE UNHA VEZ ENTRE E SAIA DO CD PROXECTADO.
- CENTRO DE DISTRIBUCIÓN, CON CELDAS PREFABRICADAS BAIXO ENVOLVENTE METÁLICA CON CORTE EN SF6, SITUADO NA RÚA URANIA MELLA SERRANO, VIGO.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 24 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013269

Resolución do 24 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Cambados (Nº expte: IN407A 2010/248-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación:* LMT CD Polígono Industrial de Cambados.
- *Situación:* Cambados.
- *Descricións Técnicas:* LMT SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ 12/20 KV DE 431 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NA LMTS CBD803, ENTRE O CS REAL CONSERVERA E O CT POL. IND CAMBADOS III, E FINAL NO CT POL. IND. CAMBADOS III UNHA VEZ ALIMENTE AO CD PROXECTADO.—CENTRO DE DISTRIBUCIÓN, CON CELAS COMPACTAS CON CORTE EN SF6, SITUADO NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CAMBADOS.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 24 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013268

Resolución do 29 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Rendondela (Nº expte: IN407A 2010/191-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación:* Variante LAT 66 KV DC Pazos-Redondela-Pontesampaio e Pazos-Renfe entre apoios 425-427
- *Situación:* Rendondela.
- *Descricións Técnicas:* VARIANTE DA LAT 66 KV, DOBRE CIRCUÍTO, PAZOS-REDONDELA-PONTE-SAMPAIO E PAZOS-RENFE ESTRUTURADA EN TRES TRAMOS:
 - TRAMO I: AÉREO; LONXITUDE: 249,41 + 50,94 METROS; ORIXE: APOIO 424 EXISTENTE; FINAL: APOIO 1 EXISTENTE.
 - TRAMO II: AÉREO; LONXITUDE: 280 METROS; ORIXE: APOIO 427 NOVO; FINAL: APOIO 428 EXISTENTE.
 - TRAMO III: SUBTERRÁNEO; LONXITUDE: 793 METROS O CIRCUÍTO 1 E 738 O CIRCUÍTO 2; ORIXE: APOIO P.A.S. 2 (PASO AÉREO-SUBTERRÁNEO); FINAL: APOIO P.A.S 427.

A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA NO CONCELLO DE REDONDELA.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 29 de novembro de 2010. — O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013336

Resolución do 30 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Vigo (Nº expte: IN407A 2010/204-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación:* LMTS e Reforma CT Laxe.
- *Situación:* Vigo.

- *Descricións Técnicas:* LMTS SUBTERRÁNEA A 15 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ DE 37 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NA LMT DOCTOR CADAVAL 33 (CAT722) E FINAL NO CT LAXE, NA NOVA CELA DE LIÑA DE MT CORRESPONDENTE- AMPLIACIÓN DE POTENCIA DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN LAXE, SITUADO NA RÚA CARRAL, VIGO, CON UN NOVO TRAFÓ DE 630 KVA, R.T. 15 KV/400-230 V, QUEDANDO CUNHA POTENCIA TOTAL 1.890 KVA (3 X630 KVA).

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 29 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013337

Resolución do 29 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Poio (Nº expte: IN407A 2010/260-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación:* LMTS- CT Avda. Covelo 16.
- *Situación:* Poio.
- *Descricións Técnicas:* LMT SUBTERRÁNEA CON CONDUCTOR TIPO RHZ1 12/20 KV DE 50 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NA LMT LOZ803B, ENTRE OS CCTT TEINOGUEIRA E COVELO MUELLE E FINAL NO MESMO UNHA VEZ ALIMENTE AO CT PROXECTADO. CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 250 KVA, R.T. 20 KV/400-230 V, SITUADO NA AVDA. COVELO 16, POIO.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 29 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013338

Resolución do 29 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Nigrán (Nº expte: IN407A 2010/263-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación:* RET. LMT GON804-CS e CT Playa América-CT Arealoura.
- *Situación:* Nigrán.
- *Descricións Técnicas:* 2 LMT SUBTERRÁNEAS A 20 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ1:
 - 1.— 1.400 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO APOIO PROXECTADO C-2000/14 NA LMT GON 8040550, ALIMENTANDO EN BUCLE AO OS. E CT. PROXECTADOS PLAYA AMÉRICA E AOS CCTT AREALOURA E ESTRADA POLA VÍA Nº 38, E FINAL NO CT. MONTE LOURIDO.
 - 2.— 68 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NA LMTS AO CT FIGUEIRAS ALIMENTANDO EN BUCLE AO OS. PROXECTADO, E FINAL NA LMTS AO CT. SAU 7 NIGRÁN.CENTRO DE SECCIONAMENTO PREFABRICADO 4L TELECONTROLADO SITUADO NA PO-325 P.K. 13+930. CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 630 KVA, R.T. 20 KV/400-230 V, SITUADO NA PO-325 P.K. 14+470. REFORMA CT AREALOURA E RETENSADO DE 37 METROS DA LMTA GON8040601 DENDE O APOIO PROXECTADO A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN NIGRÁN

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o petionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 29 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013339

Resolución do 29 de novembro de 2010 do Departamento Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de Redondela (Nº expte: IN407A 2010/277-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- *Solicitante*: Unión Fenosa Distribución S.A.
- *Enderezo Social*: Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.
- *Denominación*: RET. LMT, CT, RBT Redondela-Agencia.
- *Situación*: Redondela.
- *Descricións Técnicas*: LMT SUBTERRÁNEA A 15 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ DE 36 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NA LMT RED 713, A ALTURA DO CT A DESMONTAR REDONDELA-AGENCIA, E FINAL NA MESMA UNHA VEZ ENTRE E SAIA DO NOVO CT REDONDELA-AGENCIA-CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 2.000 KVA (DOUS TRAFOS DE 1.000 KVA C/U), R.T. 15 KV/400-230 V) SITUADO NO PASEO DA XUNQUEIRA, REDONDELA. RBT SUBTERRÁNEA CON CONDUCTOR TIPO XZ DE 300 METROS DE LONXITUDE E ORIXE NO CT PROXECTADO.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o petionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, a 29 de novembro de 2010.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2010013340

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DIPUTACIÓN PROVINCIAL

E D I C T O

Habiéndose publicado en el Boletín Oficial de la Provincia nº. 229, de 29 de noviembre de 2010, las Bases del Programa de Acción Comunitaria 2011, en las que se establece un plazo para presentación de solicitudes de subvenciones de 30 días, la Junta de Gobierno, en Sesión del día 22 de diciembre de 2010, acuerda ampliar el citado plazo hasta el 15 de enero de 2011.

Pontevedra, 27 de diciembre de 2010.—El Presidente, ilegible.—El Secretario, ilegible. **2010013677**

Resolución Presidencial

Convocatoria Pleno Extraordinario

No uso das facultades que teño conferidas no artigo 34.1, c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 61.4 e 5 do ROF, e ó amparo do artigo 46.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, veño a convocar pola presente á sesión extraordinaria (en substitución da ordinaria) do Pleno da Deputación Provincial, ás once horas (11,00) do día 30 de decembro de 2010 (xoves), para tratar da seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1.—Aprobación do borrador da acta da anterior sesión, ordinaria, do día 26 de novembro de 2010.
- 2.—Adhesión do concello de Meaño ó Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro.
- 3.—Anulación da obra nº 11 do concello de Vilagarcía de Arousa, incluída no PPC/2010, e incorporación do seu financiamento nos remanentes producidos por baixas de adxudicación.
- 4.—Aprobación dos Estatutos do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.
- 5.—Moción conxunta dos grupos provinciais do PP, PSdeG-PSOE e do BNG, para que a Deputación Provincial asuma a titularidade do viario EP-1303 N-550-Lago Castiñeiras e inicie os trámites para incluír na Rede provincial de estradas o viario que vai dende o Lago Castiñeiras-Cotorredondo ata a Cruz da Maceira.
- 6.—Moción conxunta dos grupos provinciais do PP, PSdeG-PSOE e do BNG, para que a Deputación Provincial adopte medidas encamiñadas á mellora da seguridade viaria.
- 7.—Moción do grupo provincial socialista sobre unha posible nova ubicación da Pousada que se pretende construír na Lanzada.
- 8.—Comunicacións.
- 9.—Rogos e preguntas.

Pontevedra, 27 de decembro de 2010.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible. **2010013675**

**BASES REGULADORAS DAS AXUDAS ECONÓMICAS A COOPERATIVAS, DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
PARA FINANCIAR AS MELLORAS NOS SERVIZOS QUE PRESTEN AOS SEUS SOCIOS – 2010**

A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista para o desenvolvemento do sector agropecuario provincial, establece as axudas a cooperativas, para financiar as melloras nos servizos que presten aos seus socios para o ano 2010 e que se rexerán polas presentes bases.

1) OBXECTO E FINANCIAMENTO

Constitúe o obxecto das presentes bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión das axudas económicas ás cooperativas da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación de Pontevedra, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva de acordo coas consignacións dispoñibles para tal fin na partida orzamentaria 10/410.412.789.00, cun crédito inicial de douscentos mil euros (200.000,00 €).

2) ACTUACIÓNS SUSCEPTIBLES DE AXUDA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

2.1) Serán obxecto de axuda os investimentos realizados polas cooperativas, para mellorar os servizos que presten ós seus socios (construcións, equipamentos, maquinaria, instalacións, reparacións en edificios que sexan investimentos, estudos técnicos, mobiliario, utilización das novas tecnoloxías e enerxías renovables e calquera outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados polos beneficiarios aos seus socios).

2.2) As axudas económicas poderán alcanzar ata o 50% do investimento realizado, sen prexuízo de que sexan compatibles con outras axudas recibidas para o mesmo investimento por outros organismos e que en ningún caso a súa concorrencia supere o custo do investimento realizado.

3) BENEFICIARIOS

Poderá solicitar estas axudas calquera cooperativa agraria da provincia de Pontevedra que reúna os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou sobre temas de interese para a provincia.

4) FORMULACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no rexistro xeral da Deputación ou na súa sé de Vigo, no Servizo Agrario ou na páxina web da Deputación: www.depontevedra.es e que serán publicados coas presentes bases no Boletín Oficial de Pontevedra.

Achegarase a seguinte documentación:

- a) Solicitude asinada polo presidente da cooperativa ou representante legal e debidamente cumprimentada.
- b) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da cooperativa ou agrupación beneficiaria.
- c) Copia cotexada do DNI do representante legal ou persoa que asina a solicitude.
- d) Copia cotexada dos estatutos da entidade.
- e) Memoria descritiva do investimento a realizar, especificando as características técnicas dos equipamentos, maquinaria, obras, estudos técnicos, mobiliario, etc. Nas obras achegarase o seu orzamento técnico coas unidades de obra desagregadas e o seu prezo unitario.
- f) Orzamento de gastos e ingresos, asinado e detallado, da actividade ou do investimento a realizar.
- g) Certificado do acordo do órgano competente da entidade beneficiaria no que se autorice a solicitar esta axuda.

- h) Contía da axuda solicitada, que non poderá superar o 50% do orzamento calculado de gastos.
- i) Declaración das axudas solicitadas e/ou obtidas a outras administracións públicas ou entidades privadas para esta finalidade e compromiso de comunicar á Deputación as que se soliciten e/ou obteñan nun futuro e a súa contía en relación co orzamento total dos investimentos a realizar.
- j) Certificación orixinal dos datos bancarios ou ben copia cotexada a nome da entidade peticionaria.
- k) Certificación do número de socios de cada cooperativa, a súa categoría e declaración de que desenvolve as súas actividades no ámbito da provincia ou que teñen interese para a provincia.
- l) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000,00 €, no suposto de execución de obras, ou de 12.000,00 € no caso de subministro de bens de equipo, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da axuda (art. 31.3 Lei 38/2003). Esta situación deberá acreditarse no expediente da subvención concedida.
- m) Certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social o xustificante de autorización de mora.
- n) Declaración asinada do presidente ou o representante legal da cooperativa conforme non está incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co establecido no art. 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- o) Compromiso de realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- p) Compromiso de difundir o financiamento da Deputación de Pontevedra e facela constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada.

As entidades poderán autorizar á Deputación de Pontevedra para que solicite a certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

A documentación que se presente será orixinal ou, no caso de ser fotocopia, deberá vir compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base así como o incumprimento do previsto no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase ao interesado para que emende as faltas no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/92.

5) PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As axudas que se contemplan na presente convocatoria poderán solicitarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e durante 30 días naturais.

As solicitudes irán dirixidas ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (tamén na súa sé de Vigo) ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A pesar do anterior, ó longo do exercicio orzamentario poderán presentarse solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais xustificadas adecuadamente e por escrito, non puideran presentarse no prazo sinalado no parágrafo anterior. Estas solicitudes, logo de que o xefe do Servizo Agrario emita un informe sobre a existencia das causas que dan lugar á súa presentación fóra de prazo, tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás o cumprimento dos prazos e sempre e cando exista consignación orzamentaria. Neste senso, a Deputación de Pontevedra poderá

reservar ata un 20% do crédito total para a súa concesión directa, tal e como se establece na base 25ª.3 das Bases de Execución do vixente orzamento provincial.

6) VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva e avaliaranse por unha Comisión de Valoración que atenderá, para a súa adxudicación individualizada, ós seguintes criterios:

- Número de socios da cooperativa (ata un máximo de 10 puntos).
- Aforro e eficiencia enerxética e/ou instalacións de enerxías renovables (ata 10 puntos).
- Adecuación dos investimentos ao interese provincial (ata 20 puntos).
- Creación de postos de traballo (ata 10 puntos).

7) RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle ao xefe do Servizo Agrario, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

A Comisión de Valoración avaliará, conforme aos criterios indicados no apartado anterior cada unha das solicitudes. Esta Comisión estará composta da seguinte maneira:

Presidente: O presidente da Comisión de Desenvolvemento Agrogandeiro ou o deputado en quen delegue

Vogais: O enxeñeiro director do Servizo Agrario

Un técnico do Servizo de Intervención.

Secretario: Un funcionario do Servizo Agrario, sen dereito a voto.

A Comisión poderá:

- acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
- proponse ó beneficiario a reformulación da solicitude.
- emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.

A proposta de concesión das axudas someterase ó ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Agrogandeiro.

Finalmente, a proposta de resolución elevarase para a súa aprobación definitiva ao órgano competente segundo o disposto nas Bases de Execución do orzamento provincial do presente ano e a lexislación vixente.

Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte ao remate do prazo para presentar a solicitude, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

8) MODIFICACIÓN

Unha vez notificada a resolución de concesión e logo de que o beneficiario da subvención o solicite por escrito e razoadamente, acreditando as causas excepcionais ou imprevisibles que o motivan, poderán modificarse as condicións da resolución, nos termos recollidos no artigo 27 da Lei xeral de subvencións.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución polo órgano competente, despois da proposta previa da Comisión Avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o presuposto da nova actividade ou investimento é superior ou igual ao inicial, manteranse as mesmas condicións da axuda concedida: coeficiente de financiamento, importe da axuda e presuposto subvencionado.

- Se o presuposto da nova actividade ou investimento é inferior ao inicial, a Comisión Avaliadora, logo do informe previo do Servizo Agrario, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores ós inicialmente establecidos.

9) XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

9.1.—PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez notificadas as axudas concedidas e realizada a actividade ou o investimento, os beneficiarios deberán xustificalas en todo caso no prazo de seis meses a contar desde a notificación da concesión, se ben antes de que finalice o prazo poderase ampliar por solicitude razoada do interesado ou proposta xustificada da unidade xestora, nos termos previstos no artigo 49 da Lei 30/1992.

9.2.—DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

Para poder recibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando o número de unidade os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade, e que reúnan, ademais, os requisitos legais esixidos polo R.D. 1496/03 de 28 de novembro sobre confección de facturas (número de factura, datos referidos o expedidor e o destinatario da factura, concepto e prezo total con IVE, que estará detallado, incluído ou exento, o lugar e a data de emisión da factura, etc.).
- b) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame durante un prazo mínimo de 4 anos.
- c) Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- d) Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e unha declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.
- e) Certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social ou xustificante de autorización de mora, ou autorización para que a propia Deputación as solicite directamente.
- f) Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte da Deputación de Pontevedra da actividade ou investimento subvencionado ou, se non é posible, declaración responsable do representante.

9.3.—TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo Agrario e da Intervención provincial, o órgano competente resolverá sobre o pagamento da axuda.

No caso de que a documentación xustificativa non fose correcta ou suficiente, requirirase ao interesado para que emende as faltas nun prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte da notificación do requirimento.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

- No caso de que se xustifique un gasto inferior ó 100% do orzamento subvencionado, aboarse a parte proporcional da subvención.

O aboamento da subvención realizarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

10) RÉXIME SANCIONADOR

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

11) ÓRGANO DE APROBACIÓN

De acordo co establecido na base 16ª.2 das de execución do orzamento para o ano 2010 e dando cumprimento ó establecido no artigo 18 da Lei xeral de subvencións, o órgano para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

12) RECLAMACIÓNS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contenciosos-Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998 (modificada pola Lei 19/2003) no prazo de dous meses. Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación, ou no seu caso da publicación no BOP, ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

13) DEREITO SUPLETORIO

Para o non previsto nas presentes bases contemplarase o establecido nas Bases de Execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2009, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, de 18/11/2003), no seu Regulamento (BOE núm. 176, de 25/07/2006), na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nas demais disposicións vixentes que resulten de aplicación.

Anexos

Todos os anexos das solicitudes a que se refiren estas axudas facilitaránse tal e como se indica no punto nº 4 destas Bases.

Pontevedra, 23 de decembro de 2010.

2010013605

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 19.11.2010, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 10/2010 (3CEXT-SUP/2010), dentro de orzamento xeral do Concello de Pontevedra para o exercicio 2010, mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe de un millón catro mil cincocentos trinta e un euros con trinta céntimos (1.004.531,30 €).

Ao non presentarse reclamación ningunha durante o período de exposición ao público (BOP nº 235, do 09.12.2010), e de conformidade co establecido no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20.3 e

38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, faise público que o devandito expediente se considera definitivamente aprobado e, así mesmo, que o importe total do Orzamento do Concello é de 120.382.519,72 € no estado de ingresos e 120.382.519,72 € no estado de gastos e que o importe total do Orzamento consolidado é de 122.554.702,95 € no estado de ingresos e 122.505.022,95 € no estado de gastos, sendo o novo importe por capítulos o seguinte:

ORZAMENTO DO CONCELLO

<i>Estado de ingresos</i>	<i>Euros</i>
Cap. 1. Impostos directos	21.571.282,22
Cap. 2. Impostos indirectos.....	2.084.100,00
Cap. 3. Taxas e outros ingresos	17.578.073,96
Cap. 4. Transferencias correntes.....	18.949.297,84
Cap. 5. Ingresos patrimoniais.....	952.758,54
Cap. 6. Enaxenación de investimentos reais	397.032,08
Cap. 7. Transferencias de capital	11.155.315,49
Cap. 8. Activos financeiros.....	37.681.842,87
Cap. 9. Pasivos financeiros	10.012.816,72
Total ingresos	120.382.519,72
<i>Estado de gastos</i>	<i>Euros</i>
Cap. 1. Gastos de persoal	22.070.270,51
Cap. 2. Gastos en bens correntes e servicios.....	32.504.839,55
Cap. 3. Gastos financeiros.....	178.756,97
Cap. 4. Transferencias correntes	5.963.773,00
Cap. 6. Investimentos reais	48.481.444,80
Cap. 7. Transferencias de capital	6.512.564,53
Cap. 8. Activos financeiros	132.222,67
Cap. 9. Pasivos financeiros	4.538.647,69
Total gastos	120.382.519,72

**ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS
